



Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 26/05/2012

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día vinte e seis de maio de dous mil doce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. Anselmo Ramos Martínez
D. José Antonio Miñones Riveiro
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Monserrat Vázquez Miñones
D. Pablo López Vázquez.
D. Manuel Soto Pérez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a María Carmen Hermida Tomé

Ausentes:

D. José Manuel Perez Trillo
D.^a Carmen Felicidad Borbujo Martínez

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García
Interventor acctal: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

Antes do comezo da sesión, o Sr. Alcalde da a benvida á nova secretaria, e dexésalle que faga o seu traballo o mellor posible, porque redundará en beneficio da Corporación e do concello de Vimianzo.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 31 de marzo de 2012.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

O Sr. Miñones Riveiro sinala que o seu grupo non está dacordo coa acta porque non teñen constancia de que en dita sesión non se dera conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de febreiro de 2012, de aprobación do modificado do proxecto de saneamento na Piroga, tal como reflicte a acta. Píden escoitar as grabacións.

O Sr. Alcalde puntualiza que quen redacta a acta é o secretario, e o alcalde non intervéñ para nada no proceso de elaboración desa acta. Non ten inconvincente en escoitar esa acta. Lembra que nas resolucións se da conta de aspectos relevantes. Di que o anterior secretario era bastante exquisito á hora de dar información, e un asunto tan relevante como a modificación do proxecto de saneamento, si se dou neste pleno, pero non ten inconvincente en escoitar esa acta.

C O Sr. Soto Pérez non lembra tampouco que se dera conta, nin polo miúdo, ningún tipo de información sobre ese asunto, agás a resposta a unha pregunta do Sr. Miñones e a outra súa. Non deron conta do contido do modificado, e por tanto van votar en contra da acta.

O O Sr. Alcalde sinala que non se dou conta do contido do proxecto modificado, senón do acordo da Xunta de Goberno Local no que se aprobou o modificado. Sinala que é unha mágoa que non pediran información antes. Reitera que é un asunto que non lle incumbe ó alcalde, senón ao secretario.

P Sometida a votación, con catro votos a favor do BNG, unha abstención do PP e seis votos en contra do PSOE e IxV, queda rexeitada a aprobación da acta.

A O alcalde conclúe que se rexeita unha acta porque supostamente non se dou conta dun acordo. Di que lle vai preguntar á secretaria que se fai nestes casos e igual hai que pagarlle un viaxe ao anterior secretario para que aclare o tema.

2. Solicitude á Xunta de Galicia de mantemento dos ciclos formativos no I.E.S. Terra de Soneira e impartición de novos ciclos.

P De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Benestar Social e Promoción da Igualdade, adoptado na sesión do 23 de maio de 2012, da que se transcribe a parte dispositiva:

Ú "(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Benestar Social e Promoción da Igualdade, por unanimidade dos seus membros, informa favorablemente a seguinte proposta de acordo:

B Primeiro.- O Concello de Vimianzo fará unha campaña de divulgación dos ciclos formativos no instituto entre a súa poboación, en coordinación co I.E.S. Terra de Soneira.

D Segundo.- Solicitar da Xunta de Galicia o mantemento dos ciclos formativos no I.E.S. Terra de Soneira.

L Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia a que se impartan ciclos formativos no I.E.S. Terra de Soneira relacionados coas familias profesionais de servizos socioculturais e á comunidade e da familia profesional agraria.

I Cuarto.- Solicitar unha entrevista dos voceiros dos grupos políticos municipais coas autoridades educativas da Xunta de Galicia para dar a coñecer o acordo plenario."

C Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde considera que a preocupación da Corporación pola situación dos ciclos formativos no I.E.S. é patente, neso están todos dacordo.

O voceiro socialista manifesta o seu acordo, aínda que consideran que nesta época de recortes vai ser complicado incluso manter os existentes.

A O voceiro de IxV está dacordo no sentir xeneralizado de apoio aos ciclos. Dalle o seu apoio ao alcalde.

O voceiro do PP sinala que van apoiar este punto porque estaba no seu programa electoral.

Neste intre entra na sala de sesións o arquitecto municipal, ás dez horas e dez minutos.



Concello de Vimianzo

C

O

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

P

Primeiro.- O Concello de Vimianzo fará unha campaña de divulgación dos ciclos formativos no instituto entre a súa poboación, en coordinación co I.E.S. Terra de Soneira.

I

Segundo.- Solicitar da Xunta de Galicia o mantemento dos ciclos formativos no I.E.S. Terra de Soneira.

A

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia a que se impartan ciclos formativos no I.E.S. Terra de Soneira relacionados coas familias profesionais de servizos socioculturais e á comunidade e da familia profesional agraria.

Cuarto.- Solicitar unha entrevista dos voceiros dos grupos políticos municipais coas autoridades educativas da Xunta de Galicia para dar a coñecer o acordo plenario.

3. Solicitude de declaración como festa de Galicia de interese turístico do 'Asalto ao Castelo'.

P

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Benestar Social e Promoción da Igualdade, adoptado na sesión do 23 de maio de 2012, da que se transcribe a parte dispositiva:

Ú

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Benestar Social e Promoción da Igualdade, por tres votos a favor do BNG e IxV e unha abstención do PP, informa favorablemente a seguinte proposta de acordo:

B

Primeiro.- Solicitar diante da Consellería de Cultura e Turismo a declaración como festa de Galicia de interese turístico o "Asalto ao Castelo", que se celebra a primeira fin de semana de xullo de cada ano, en Vimianzo,

L

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Asociación Xuvenil Cherinkas, promotores actuais da festa, a efectos de que realicen os trámites correspondentes diante da Consellería de Cultura e Turismo."

I

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde explica que foi unha solicitude dos promotores que se trouxera a pleno este asunto. Descata a importancia desta festa, e por tanto como non lle van dar ese apoio a esta iniciativa, que persegue asentarse e potenciar esta festa. Dalle as grazas aos promotores.

C

O Sr. Miñóns Riveiro di que van apoiar esta festa, e felicita aos promotores.

A

O Sr. Soto Pérez manifesta o seu apoio, e agradece tanto a Cherinkas como a Axvalso, que foron quen o puxo en marcha. Pide que o concello facilite os medios para que a festa siga medrando.

O Sr. López Vázquez tamén felicita a Cherinkas e Axvalso e cre que debería terse solicitado antes, posto que é unha boa maneira de que se asente ao longo dos anos.

C

O

O Sr. Alcalde non sabe se agora é o momento, en calquera caso o concello tramitouno cando llo pediron os organizadores. Estamos na décimo sétima edición, e agora obtéñese o apoio da Corporación.

Non se producen máis intervencións.

P

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

I

Primeiro.- Solicitar diante da Consellería de Cultura e Turismo a declaración como festa de Galicia de interese turístico o "Asalto ao Castelo", que se celebra a primeira fin de semana de xullo de cada ano, en Vimianzo,

A

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Asociación Xuvenil Cherinkas, promotores actuais da festa, a efectos de que realicen os trámites correspondentes diante da Consellería de Cultura e Turismo.

4. Acordo, que proceda, a partires da moción do grupo municipal do BNG para o mantemento do servizo de axuda no fogar.

P

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Benestar Social e Promoción da Igualdade, adoptado na sesión do 23 de maio de 2012, da que se transcribe a parte dispositiva:

Ú

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Benestar Social e Promoción da Igualdade, por dous votos a favor do BNG e dúas abstencións de IxV e PP, informa favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Instar á Xunta de Galiza a:

B

A) Manter o financiamento dos gastos derivados do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.

L

B) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

I

C) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.

C

D) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP."

A

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde explica que houbo unha modificación do financiamento dos servizos sociais que prestan os concellos. A Xunta considera que o SAF é unha competencia dos concellos, e por tanto deben financiarlo eles. Deixa a pelota no tellado da Deputación, sen asegurar nengún tipo de compromiso. O que plantexa este acordo é manter a situación anterior.

O voceiro do PP pide a palabra. Sinala que ten unha emenda ó ditame.

O Sr. Alcalde indícalle que primeiro van seguir a rolda de intervencións e despois presenta a emenda.



Concello de Vimianzo

O voceiro socialista sinala que o seu grupo vai votar a favor da moción. Aínda que a Xunta faga caso omiso, agarda que o concello siga prestando o SAF como ata agora.

O voceiro de IxV sinala que queren escoitar a emenda do PP, pero afirma que están a favor da prestación dos servizos sociais e non entenden os recortes nestas materias, que é a fibra da sociedade.

O voceiro do PP presenta a emenda, que se transcribe literalmente:

"-Instar á Xunta de Galicia a que continúe financiando o servizo de axuda no fogar para persoas con dependencia e os traballadores de referencia na área social de tódolos concellos de Galicia, e a axilizar o financiamento destes dous apartados co fin de mellorar a capacidade económica das administracións locais. Así como, garantirá naqueles concellos que superen os 20.000 habitantes, ou aqueles que coordinando servizos e presentado a solicitude sumen máis de 20.000 habitantes, o financiamento do servizo de axuda no fogar básico.

- Instar á Deputación de A Coruña a que cumpra co establecido na Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, prestando apoio técnico, económico e xurídico aos concellos para que desenvolvan as competencias que lle son propias en materia de servizos sociais comunitarios. Así mesmo, deberá manterse a necesaria colaboración e coordinación entre Xunta e Deputación, asegurando a Deputación de A Coruña o financiamento do servizo de axuda no fogar básico e do persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios básicos con perfís profesionais diferentes e complementarios ao traballador social de referencia para as corporacións locais dos concellos de menos de 20.000 habitantes."

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao voceiro do BNG.

O Sr. Mancebo Amigo sinala que hoxe en día o servizo de axuda no fogar en Vimianzo estase prestando a 46 persoas, das cales seis ou sete teñen dependencia, por tanto se aplican a lei de servizos sociais deixan a case todos os usuarios sen servizo. Considera que onde o servizo é máis necesario é nos concellos de menos de 20.000 habitantes, que son os máis rurais. Cre que con estes temas non se debe xogar. Sinala que este decreto obriga ao concello a prestar ese servizo e elimina a axuda. O custe do servizo en Vimianzo son uns 140.000 euros, dos cales só se reciben axudas por un 10 por 100. Pregunta como se lle vai cobrar a unha persoa cunha pensión de 600 euros que ademáis necesita contratar a outra persoa porque só co servizo do concello non se vale por sí mesma.

Non se producen máis intervencións.

O Sr. Alcalde somete o ditame da Comisión Informativa a votación.

O Pleno do Concello, por sete votos a favor do BNG e PSdeG-PSOE, tres abstencións de IxV e un voto en contra do PP, acorda:

Instar á Xunta de Galiza a:

A) Manter o financiamento dos gastos derivados do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.

B) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

C) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.

C

O D) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP.

O O Sr. Alcalde entende que a emenda queda rexeitada ao ser aprobado o ditame da Comisión.

P 5. Creación do Rexistro municipal de parellas de feito do Concello de Vimianzo e aprobación inicial da ordenanza reguladora do mesmo.

I De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Servizos, adoptado na sesión do 23 de maio de 2012, da que se transcribe a parte dispositiva:

A "(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, por tres votos a favor do BNG e IxV, e unha abstención do PP, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Crear o Rexistro municipal de Parellas de Feito do Concello de Vimianzo e aprobar inicialmente a ordenanza reguladora do mesmo que consta no expediente.

Segundo.- Someter a devandita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo e da ordenanza aprobada provisionalmente ao Servizo de Xestión Técnico-Administrativo do Departamento Territorial de A Coruña da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para que no mesmo período de exposición ao público poda presentar cantas alegacións estime convinte.

Cuarto.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto."

L Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde explica que os tempos evolucionan e as parellas de feito están asentadas en moitas familias. Señala que se trata dunha demanda dos veciños. Trátase de descentralizar o rexistro de Santiago, para evitar que os veciños teñan que desprazarse.

I O Sr. Miñones Riveiro sinala que o seu grupo está a favor, posto que concellos máis pequenos xa a teñen. Non sabe que opinará o clero disto.

O Sr. Soto Pérez indica que van votar a favor, que cren que non é un asunto que implique ningún tipo de polémica.

C O Sr. López Vázquez sinala que, a pesar dos prexuízos dos outros grupos, o PP está a favor da proposta. Matiza que o rexistro de Santiago é o importante, porque ten entendido que é o que concede os dereitos.

A O Sr. Alcalde sinala que a inscrición conleva uns trámites e deste xeito evítase que os veciños teñan que desprazarse a Santiago. Señala que non tiña dúbida de que o concelleiro do PP votase a favor, que aquí ninguén ten prexuízos aos respecto.

Pregunta o voceiro socialista, entre risas, se os concelleiros que son parellas de feito poden votar ou son parte interesada.

Non se producen máis intervencións.



Concello de Vimianzo

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Crear o Rexistro municipal de Parellas de Feito do Concello de Vimianzo e aprobar inicialmente a ordenanza reguladora do mesmo que consta no expediente.

Segundo.- Someter a devandita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo e da ordenanza aprobada provisionalmente ao Servizo de Xestión Técnico-Administrativo do Departamento Territorial de A Coruña da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para que no mesmo período de exposición ao público poda presentar cantas alegacións estime convinte.

Cuarto.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

6. Aprobación definitiva do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas.

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo, Medio Ambiente e Sostibilidade, adoptado na sesión do 23 de maio de 2012, da que se transcribe a parte dispositiva:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, por catro votos a favor do BNG, PSOE e IxV, e unha abstención do PP, informa favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- *Aprobar definitivamente o estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, redactado polo arquitecto D. Amancio Losada Vicente e promovido por D. Carlos Manuel Vidal Redondo e D.ª Milagros Lobelos Casal.*

Segundo.- *Publicar o acordo de aprobación definitiva do Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.*

Terceiro.- *Notificar o presente acordo ós propietarios e demais interesados directamente afectados polo estudo de detalle.*

Cuarto.- *Comunicar á Consellería de Medio Ambiente, Urbanismo e Ordenación do Territorio a aprobación do estudo de detalle referido, á vez que se lle da traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do mesmo con todos os planos e documentos que o integran.*

Quinto.- *Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto."*

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde, dulle a palabra ao arquitecto municipal, a fin de que explique resumidamente o contido deste punto.

C

O arquitecto municipal sinala que o estudo de detalle é un instrumento de desenvolvemento urbanístico que serve para ordear volumes. Sinala que nesa parcela a edificación é entre medianeiras e o propietario pretende construír unha vivenda unifamiliar que non vai entre medianeiras. Trátase de dar sustento a esa licenza.

O

O Sr. Alcalde aclara que se trata dunha iniciativa privada, non municipal, e o concello ten que darlle o cumprido trámite.

P

Acto seguido, o Sr. Alcalde dalle a palabra aos voceiros dos grupos políticos, comezando polo grupo socialista.

I

O Sr. Miñones Riveiro manifesta que están a favor deste asunto, posto que non houbo alegacións no trámite de información pública e ademais constan os informes favorables dos técnicos municipais.

A

O Sr. Soto Pérez sinala que están a favor e non van poñer obstáculos á iniciativa privada, que ten o dereito preexistente a construír, e se é necesario aprobar un instrumento de execución de planeamento menor non o van impedir. Pide permiso ao Sr. Alcalde para facerlle unha pregunta ao Sr. Técnico municipal.

O Sr. Alcalde indícalle que remate a súa intervención.

O Sr. Soto Pérez pregunta se é una intervención puntual ou se dita zona necesita dunha modificación; suxire que neste último caso habería que facela.

O Sr. López Vázquez sinala que está a favor.

O Sr. Alcalde responde que non é o mesmo que un particular necesite solucionar o seu problema a que o concello se meta nunha serie de gastos que non é o momento.

P

Non se producen máis intervencións.

Ú

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

B
D

Primeiro.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, redactado polo arquitecto D. Amancio Losada Vicente e promovido por D. Carlos Manuel Vidal Redondo e D.^a Milagros Lobelos Casal.

L

Segundo.- Publicar o acordo de aprobación definitiva do Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

I

Terceiro.- Notificar o presente acordo ós propietarios e demais interesados directamente afectados polo estudo de detalle.

C

Cuarto.- Comunicar á Consellería de Medio Ambiente, Urbanismo e Ordenación do Territorio a aprobación do estudo de detalle referido, á vez que se lle da traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do mesmo con todos os planos e documentos que o integran.

A

Quinto.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

7. Acordo, que proceda, a partires da moción do grupo municipal do BNG sobre a autovía da Costa da Morte.

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo, Medio Ambiente e Sostibilidade, adoptado na sesión do 23 de maio de 2012, da que se transcribe a parte dispositiva:



Concello de Vimianzo

C
O Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, por tres votos a favor do BNG e PSOE, e dúas abstencións de IxV e PP, informa favorablemente a seguinte proposta de acordo:

"(...) Instar á Xunta de Galiza a:

- P**
- 1.- *Garantir que a autovía Carballo-Berdoías vai ser construída no prazo comprometido, rematando as obras en maio de 2013.*
 2. *Garantir que esta infraestrutura vai ser sempre libre de peaxa para os usuarios da mesma."*

I
A Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde sinala que a moción é procedente nestes momentos, porque todos saben os problemas financeiros que hai. Di que a empresa tivo reunións con eles e recoñeceu que ten problemas económicos. Co ánimo de contribuir a que a obra siga adiante e respaldar á empresa na súa busca de financiamento, consideran procedente esta proposta de acordo. Piden que as persoas que circulen por esta autovía non teñen que pagar unha peaxa, aparte da que lle vai pagar a Xunta.

O Sr. Alcalde dalle a palabra aos voceiros dos grupos políticos, comezando polo grupo socialista. O Sr. Miñones Riveiro sinala que están a favor. Puntualiza que no ditame hai un erro: son tres votos a favor e non catro.

P O Sr. Soto Pérez sinala que xa manifestaron a súa preocupación neste asunto cando se estaban executando as obras, no referente a que hai estradas estropeadas, escorrentías de augas, etc. Di que o pleno está cargado dun ambiente preelectoral e os partidos estanse posicionando. Considera moi importante que a autovía se remate e se cumpran as promesas. Van votar a favor. Pide que se arranxen os desperfectos.

Ú O Sr. López Vázquez sinala que esta moción non é procedente, porque trata de polemizar. Indica que o conselleiro de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio, nunha reunión na que estivo presente o alcalde, prometeu que a autovía ía estar rematada nos prazos previstos e ía ser gratuíta. Anuncia que vai votar en contra porque non lle parece normal.

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao voceiro do BNG.

B
L O Sr. Mancebo Amigo considera que non estamos ante unha cuestión de cores políticas, posto que tamén os alcaldes do PP están preocupados por este tema, porque gobernan en municipios turísticos e estamos nunha zona en que as principais eivas son as comunicacións. Considera normal que non haxa confianza nas mensaxes, e cita como exemplo que cando Rato chégou a Bankia tamén dixo que a ía sanear. Afirmo que son a única rexión de toda a costa que non están conectados en autovía.

I
C O Sr. Alcalde recoñece que houbo unha reunión co conselleiro e non ten intención de crear polémica porque quere crer no que lle dixo. Cre que Vimianzo tivo moita paciencia coas obras da autovía. Plantexaron aos responsables das obras os desperfectos, e comprometéronse a arranxalos. As demandas dos veciños foron recollidas a trasladadas á empresa. Cita dúas zonas nas que hai desperfectos: interrupción da vía que vai de Vilaseco a Santa Cristiña, en Pedra da Bouza; outro é o problema derivado das enchentas en Torelo. Visto o bo actuar dos veciños e o sentido común da Corporación, que ninguén entenda isto como acto electoralista, posto que non criticou ao PP nin ao conselleiro.

Non se producen máis intervencións.

A Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por dez votos a favor do BNG, PSdeG-PSOE e IxV, un voto en contra do PP e ningunha abstención, acorda:

Instar á Xunta de Galiza a:

- 1.- Garantir que a autovía Carballo-Berdoías vai ser construída no prazo comprometido, rematando as obras en maio de 2013.
2. Garantir que esta infraestrutura vai ser sempre libre de peaxa para os usuarios da mesma.

C

O 8. Dar conta da situación dos pagos a provedores, ao abeiro do disposto no Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro.

- P** O Sr. Alcalde dalle a palabra ao Sr. Interventor accidental.
- P** O Sr. Interventor explica a situación actual das facturas que foron incluídas na relación que se mandou ao Ministerio: as facturas están todas pagadas a data de hoxe, e os certificados individuais que foron solicitados polos provedores foron todos rexeitados.
- I** O Sr. Alcalde sinala que a decisión de facer un recoñecemento extraxudicial foi axeitada, e por tanto o concello ten os deberes feitos.
- O Pleno do Concello douse por enterado.

A 9. Comunicados oficiais.

Non hai.

10. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Sr. Alcalde prega aos grupos que tomaran nota das resolucións que vai destacar a secretaria, porque así despois non hai que rexeitar ningunha acta.

P En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 31 de marzo de 2012, ata a resolución núm. 177, do 23/05/2012.

B

L

I

C

A

RESOLUCIÓNS/DECRETOS DA ALCADÍA	
Data: Marzo	
08/03/2012	Autorización, disposición e recoñecemento de obrigas que se relacionan por importe de 44.932,15€.
09/03/2012	Aprobación de gastos en concepto de factura 09032012 notas simples por un importe de 34,05€.
09/03/2012	Autóricación, disposición e obriga do gasto da liquidación de xuros e amortización do préstamo polo periodo do 09/12/2011 ao 09/03/2012 (Total: 21.604,49€).
09/03/2012	Alta no padrón municipal de habitantes de MPPG, na rúa A Torre, 5A, Vimianzo.
09/03/2012	Alta no padrón municipal de habitantes de OIP, no lugar de Caxadas, I, Cambeda.
09/03/2012	Alta no padrón municipal de habitantes de MRL, na rúa A Torre, 5 A, Vimianzo.
09/03/2012	Cambio de enderezo de VRS dentro do municipio.
09/03/2012	Cambio de enderezo de MEMB dentro do municipio.
13/03/2012	Aprobación do gasto por danos producidos na fiestra da vivenda situada no lugar de Baíñas A, 36 a D. José Manuel Suárez Rodríguez (Total: 20,50€, IVE engadido).
13/03/2012	Alta no padrón municipal de habitantes de MVM, na rúa A Torre, 5A, Vimianzo.
13/03/2012	Baixa no padrón municipal de habitantes ós estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente a APS xa que non renovou a súa inscrición padroal no prazo de dous anos
14/03/2012	Aprobación de gastos de telefonía móbil polo período do 01/02/2012 ata 29/02/2012 por importe de 162,31€.
15/03/2012	Cambio de enderezo COC, MCFM,POF e BOF dentro do municipio
16/03/2012	Estimar o recurso de reposición presentado a D. Francisco Castro Solís contra a liquidación do ICIO e taxa urbanística, anulación da liquidación núm. 008582011 e núm. 008592011 e aprobación da liquidación tributaria (Total: 80,00€).
16/03/2012	Autorización do cambio de contador da vivenda sita na rúa Casais, 43 - Vimianzo e anulación



Concello de Vimianzo

C
O
P
I
A

P
Ú
B
L
I
C
A

	da liquidación núm. 009772011 por importe de 214,00€ a D. Manuel Ameijeiras Rodríguez.
16/03/2012	Modificacións nas inscricións dos habitantes no ficheiro HI5092IA.312
16/03/2012	Modificacións nas inscricións dos habitantes no ficheiro HI5092IA.312
16/03/2012	Baixa no padrón municipal de 18 persoas.
16/03/2012	Alta no padrón municipal de habitantes a MCMM, na rúa A Torre, 5 A, Vimianzo.
16/03/2012	Alta no padrón municipal de habitantes a MMR, na rúa A Torre, 5 A, Vimianzo.
19/03/2012	Aceptación da reclamación de D ^a . Martina Calero Oreiro, polos danos producidos no Vehículo da súa propiedade e aprobación do gasto por importe de 106,64€, IVE engadido.
19/03/2012	Autorización a que se lle expida ao presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de A Valiña, unha copia da documentación que consta neste Concello en relación ós lindes do lugar da Valiña.
19/03/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a rehabilitación da cuberta dunha edificación de planta baixa, situada na rúa Casais, 35 - Vimianzo a D. José Francisco Fernández Rial (Total: 132,50€).
19/03/2012	Aprobación do gasto en concepto paquete postal procedente do Arquivo do Reino de Galicia - A Coruña por importe de 9,15€.
19/03/2012	Aprobación de gastos en concepto de telefonía fixa e Fax chamadas febreiro/2012 por un importe total de 1.229,11 €.
19/03/2012	Alta no servizo do SAF de NSG e incorporación no padrón fiscal por 8h/mes (Total: 9,60€).
19/03/2012	Solicitud de cambio de enderezo de JVP dentro do municipio.
19/03/2012	Baixa no padrón municipal de habitantes de JPR E IHF.
20/03/2012	Aprobación de gastos en concepto factura 2012/A-781 gastos rexistrados inscrición edificio municipal destinado a centro de saúde por importe de 123,91€.
20/03/2012	Arquivo do expediente 2/2012 de enganche de sumidoiro, incoado por D ^a . María Carmen Pérez Cabirta, xa que foi outorgada a correspondente autorización a comunidade de propietarios do edificio situado na rúa Blanco Rajoy, 33-1º D - Vimianzo.
20/03/2012	Autorización de enganche de auga da vivenda situada no lugar da Piroga, 126 - Bamiro a D. Manuel Ameijeiras Souto (Total: 300,00€).
20/03/2012	Autorización para a celebración dun casamento civil o 09/06/2012 a D. Lucas Averio Rodríguez e D ^a . Marta María Casais Trillo e liquidación da taxa correspondente (Total: 60,00€).
20/03/2012	Alta no padrón municipal de habitantes de MCLE, na rúa A Torre, 40, 3º A, Vimianzo.
21/03/2012	Corrección de erros do decreto de data 24/02/2012 sobre contratación menor para a subministración de material para o ximnasio municipal.
21/03/2012	Solicitud de axudas para Plans de xestión: Proxectos non productivos convocadas pola Consellería do Mar, a través do Grupo de Acción Costeira da Costa da Morte.
21/03/2012	Autorización ao Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte, o día 23 de marzo dende ás 20:00 h até as 22:00 h, para unha charla informativa.
22/03/2012	Aprobación do borrador do "Convenio de colaboración coa FESAM para impartir un curso de monitor de tempo libre en Vimianzo".
22/03/2012	Resolución da alcaldía de data 22/03/2012 sobre pagamento ao Tesouro Público de retencións e ingresos a conta do IRPF, período do 3º trimestre do exercicio 2011.
22/03/2012	Alta no padrón municipal de habitantes a GLC, no lugar de Novelle, 5, Serramo.
22/03/2012	Modificación na inscrición padroal do habitante MAP, referente a nacionalidade.
23/03/2012	Tramitación da baixa na Seguridade Social de José Santiago Vázquez Antelo e confección da nómina.
23/03/2012	Baixa no servizo de comedor sobre rodas de CRS.
23/03/2012	Consignación da cantidade de 739.784,80 € en concepto de pagamento de principal da sentenza recaída no procedemento PO254/08 (concepto 1624 0000 95 0001 11).
23/03/2012	Solicitud de cambio de enderezo de EPV, IVM, MPV, PPV dentro do municipio.
23/03/2012	Solicitud de cambio de enderezo de SOB dentro do municipio.
23/03/2012	Alta no municipal de habitantes a PAPP, na rúa A Torre, 5 A, Vimianzo.
23/03/2012	Alta no padrón municipal de habitantes a MAQ, na rúa A Torre, 5 A, Vimianzo.
26/03/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo o acondicionamento de terreo para xardín, situado no lugar de Quintáns, 10 A, Treos a D ^a . Inés Landeira Pazos (Total: 20,00€).
26/03/2012	Outorgamento de licenza de obra para retirar un porche de madeira existente na súa vivenda para instalar un novo porche de aluminio ou PVC, situado no lugar de Cures, 32, Cereixo a D. Luis Manuel Blanco Caamaño (Total: 80,00€).
26/03/2012	Outorgamento de licenza de obra para retirar o recebo dun muro de pedra existente e

	posteriormente encintalo, situado no lugar da Piroga, 88, Bamiro a D. Lino Rey Pérez (Total: 20,00€).
26/03/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a construción de peche de finca con postes e malla metálica, duns 100 m de lonxitude, situado no lugar de Xora, 16 A, Treos a D. Carlos José Arias Blanco (Total: 20,00€).
26/03/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a construción dun muro de 5 m de lonxitude aproximadamente e 1 m de alto, situado no lugar de Señoráns, 15, parroquia de Salto a D. Jesús Suárez Mouzo (Total: 20,00€).
26/03/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a renovación de parte dunha parede de pedra que pecha unha finca e que se atopa deteriorada, situada no lugar de Lavandeira, Castrelo a D. José Pose Pérez (Total: 30,80€).
26/03/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo o desmonte da finca núm. 430, polígono 64 e depositar a terra na finca 407 do polígono 504, situadas no lugar e parroquia de Tines a D.ª Amparo Solis Cancela (Total: 80,00€).
26/03/2012	Autorización de cambio de titulariedade de recibos de auga da vivenda, situada no lugar de A Piroga, 76-1ªA, Bamiro a nome de D. Severino Juan Suárez García (Total: 30,00€).
26/03/2012	Outorgamento de autorización de enganche de auga para a granxa, situada no lugar de Cheis, Bamiro a D. Faustino Vilariño López (Total: 300,00€).
26/03/2012	Outorgamento de autorización de enganche de sumidoiro para a vivenda, situada no lugar de Casais, 60, Vimianzo a D. José Carlos Mazorra Rodríguez (Total: 300,00€).
26/03/2012	Admisión no servizo municipal de EIM de OSP (Total: 88,00€/mes).
26/03/2012	Requirimento a compañía Mapfre Familiar por servizos prestados en accidente de circulación ó día 19/03/2012 (Total: 1.535,99€).
26/03/2012	Consignación da cantidade de 739.784,80 € en concepto de pagamento de principal da sentenza recaída no procedemento PO254/08 (concepto 1624 0000 93 0001 11).
26/03/2012	Autorizar, dispor e obriga do gasto de 92,14€ no concepto de taxas do anuncio no DOG sobre a exposición pública do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas.
26/03/2012	Solicitud de cambio de datos persoais de LGC no padrón municipal de habitantes.
26/03/2012	Solicitud de cambio de datos persoais de OMMC no padrón municipal de habitantes.
27/03/2012	Decreto de inicio de 2 expedientes sancionadores de tráfico por importe total de 280,00€ e 140,00€ en bonificado.
27/03/2012	Noamento de secretario accidental a D. José Domingo Rodríguez Ferreira, TAX-Xefe dos servizos económicos-administrativos, o día 28/03/2012.
27/03/2012	Solicitud de cambio de datos persoais de CMC no padrón municipal de habitantes.
27/03/2012	Alta no padrón municipal de habitantes a FTM, na rúa A Torre, 5 A, Vimianzo.
27/03/2012	Solicitud de cambio de datos persoais de SLR no padrón municipal de habitantes.
29/03/2012	Outorgar a licenza de obra maior para levar a cabo a construción dunha nave sen uso determinado na parcela I-11 do parque empresarial de Vimianzo a Frutas Salgado, S.L.
29/03/2012	Solicitud de cambio de datos persoais de FPA no padrón municipal de habitantes.
29/03/2012	Solicitud de cambio de datos persoais PMA no padrón municipal de habitantes.
29/03/2012	Solicitud de cambio de enderezo de JCC, MLMR, DCM dentro do municipio.
30/03/2012	Autorizar a contratación de persoal laboral temporal, na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado a xornada completa, un capataz, un peon-conductor e 4 peóns para o Grupo Municipal de Intervención Rápida (GRUMIR).
30/03/2012	Alta no padrón municipal de habitantes a JBC, no lugar de Lexas, 21, Carantoña.
30/03/2012	Solicitud de cambio de datos persoais de SLB no padrón municipal de habitantes.
30/03/2012	Alta no padrón municipal de habitantes a RRC, na rúa A Torre, 5 A, Vimianzo.
30/03/2012	Alta no padrón municipal de habitantes a AJS, na rúa A Torre, 5 A, Vimianzo.
30/03/2012	Cambio de enderezo de CG e CLG dentro do municipio.
30/03/2012	Solicitud de cambio de datos persoais de UCB no padrón municipal de habitantes.
30/03/2012	Solicitud de cambio de datos persoais de LGD no padrón municipal de habitantes.
30/03/2012	Solicitud de cambio de datos persoais de mpc no padrón municipal de habitantes.
30/03/2012	Cambio de enderezo de CJC dentro do municipio..
31/03/2012	Noamento de interventor accidental a D. José Domingo Rodríguez Ferreira, TAX-Xefe dos servizos económicos-administrativos, entre os días 31 de marzo e 4 de abril de 2012.
	Data: ABRIL
02/04/2012	Cambio de datos persoais de NBA no padrón municipal de Habitantes
02/04/2012	Alta por nacemento de MCB no padrón municipal de Habitantes
02/04/2012	Cambio de datos persoais de CST no padrón municipal de Habitantes



Concello de Vimianzo

C
O
P
I
A

P
Ú
B
L
I
C
A

02/04/2012	Baixa no servizo de comedor sobre rodas de MRP.
02/04/2012	Autorización do cambio de titulariedade dos recibos da taxa do lixo da vivenda, situada no lugar de Romar, 1, Berdoias para que pasen a nome de María Lourdes Caamaño Pazos.
02/04/2012	Autorización á Comisión de Festas de Sanfins ao uso do campo de Sanfins para a celebración da "I Festa da Xuventude" o día 05/04/2012.
02/04/2012	Autorización ao que solicita o representante da Comisión de Festas de Monte Torán para os días 15 e 16/05/2012.
02/04/2012	Autorización do cambio de titulariedade dos recibos da taxa polo consumo de auga municipal da vivenda, situada no lugar de Romar, 1, Berdoias que pasen a nome de María Lourdes Caamaño Pazos e aprobación da liquidación por importe de 30 euros.
02/04/2012	Baixa do padrón da taxa pola recollida de lixo do local, situado no lugar da Piroga, 48, baixo, Bamiro.
02/04/2012	Baixa do enganche do servizo municipal de auga do alpendre, situado no lugar de Trasouteiro, 9, Vimianzo a Dª María Encarnación Suárez Fernández.
02/04/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a restauración dun muro de pedra existente, situado no lugar e parroquia de Berdoias a D. José Ogando Rodríguez (Total: 20,00€).
02/04/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a rehabilitación de muro, situado no lugar de Trás do Ceán, 14, Carantofía a D. Abelardo Pereira Mouzo (Total: 20,00€).
02/04/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a rehabilitación da cuberta dunha vivenda unifamiliar, situada no lugar e parroquia de Calo, 63. A D. Rupert Carl Heinrich Kolb (Total: 25,00€).
02/04/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a rehabilitación dun muro de pedra existente que pecha unha finca, situada no lugar de Pedra do Frade, Berdoias a Dª Cruz Touriñán Martínez (Total: 20,00€).
02/04/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a substitución da carpintería exterior dunha vivenda para instalación dunha nova de PVC, situada na rúa Tras do Muíño D, 2, 2º y, Vimianzo a Dª María Josefa Rodríguez Fidalgo (Total: 20,00€).
02/04/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a construción dun peche de finca con postes e arame, situado no lugar de Manlle, 22, Baiñas a Dª María Pérez Domínguez (Total: 20,00€).
02/04/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a instalación de rótulo en forma de banderola, situado na rúa Blanco Rajoy, 75, Portal B, 1º B, Vimianzo a D. Pablo Conde Cives (Total: 20,00€).
02/04/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a restauración dun muro de pedra existente que pecha unha finca, situado no lugar da Gándara, 53, Vimianzo a D. Juan Carlos Alvarellos Romero (Total: 20,00€).
02/04/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo o recheo parcial da parcela núm. 98, polígono 503 con terras, situada no lugar de Torelo, Salto a D. José Martínez Suárez (Total: 20,00€).
02/04/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a construción dun muro de peche de finca, situada no lugar e parroquia de Tines, 73 a D. Edelmiro Fernández Rial (Total: 20,00€).
02/04/2012	Baixa no servizo de axuda no fogar de POH.
03/04/2012	Cambio de enderezo dentro do municipio de MAPP e CCR no padrón municipal de habitantes
03/04/2012	Adxudicación do contrato menor para a subministración de material para o XI xantar dos nosos maiores, lote 1 á empresaría Dª Mónica Gándara de la Mota por importe de 2.124,00 IVE engadido e lote 2 á empresa Carpas Facal, S.L por importe de 1.180,00€, IVE engadido.
03/04/2012	Adxudicación do contrato menor para a prestación do servizo de axuda no fogar, á empresa Grupo Reacteda, S.L., por un importe de 12,50€/h, IVE engadido e por un prezo máximo total de 1.500,00 euros, IVE engadido.
03/04/2012	Adxudicación do contrato menor para a prestación do servizo de actividades de animación á lectura, durante cinco días, a D. David Pernas Lázaro, por un importe total de 1.490,00€, IVE engadido.
03/04/2012	Aprobación do padrón de usuarios do SAF do mes de marzo, 47 usuarios (Total: 661,20€).
03/04/2012	Autorización á concelleira do grupo municipal de IxV, Dª Mónica Rodríguez Ordóñez, ao acceso e consulta ás facturas presentadas no rexistro municipal dende o 01/01/2012 até o 15/03/2012 así como información sobre se están pagadas ou pedentes de pago a partir do 1º de maio en horario de 11:00 a 12:00 h.
03/04/2012	Aprobación na resolución da alcaldía a creación dos ficheiros de carácter persoal de "Axentes De Promoción Económica" e de "Participantes En Accións De Promoción De Emprego"
03/04/2012	Autorización da celebración dunha verbena popular que terá lugar en Sanfins -Cambada, o vindeiro día 5 de abril de 2012.
04/04/2012	Modificación da resolución da Alcaldía de data 26 de marzo de 2012, de cambio de titular do enganche de auga da vivenda situada no lugar de A Piroga, 76-1ºA, Bamiro.
04/04/2012	Baixas de oficio por inscrición indebida no padrón municipal de habitantes.
09/04/2012	Concesión a LCV a renovación da tarxeta de estacionamento.
09/04/2012	Autorización de cambio de titulariedade dos recibos da taxa polo consumo de auga municipal da vivenda, situada na rúa A Torre, 39, Vimianzo a Dª. Ofelia García Mouzo (Total: 30,00€).
09/04/2012	Autorización do cambio de titulariedade dos recibos da taxa do lixo da vivenda, situada na rúa A

	Torre, 39, Vimianzo a D ^a . Ofelia Garcia Mouzo.
09/04/2012	Solicitud de axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria ara o exercicio do ano 2012.
09/04/2012	Anulación por duplicidade do recibo da taxa pola recollida do lixo da vivenda situada na rúa Tras do Muíño B, 14-2º, Vimianzo.
09/04/2012	Cambio de datos persoais de IBL no padrón municipal de habitantes
10/04/2012	Baixas (3) no padrón municipal de habitantes
10/04/2012	Cambio de enderezo dentro do municipio dentro do municipio de JGP,MESA,MBGS,CGS e NLG.
10/04/2012	Alta no padrón municipal de habitantes de MPM
10/04/2012	Cambio de enderezo dentro do municipio de JVV
10/04/2012	Cambio de enderezo dentro do municipio de BTM
10/04/2012	Comunicación a Reale Seguros Generales, S.A., que a matrícula real do vehículo implicado no accidente ocorrido en Gandara de Osa, Vimianzo é 1389 BVK, tal e como consta na dilixencia realizada pola policía local e indicarle que deberá aboar a contía de 833.33€ por danos producidos en bens municipais, tal e como se requiría na Resolución da Alcaldía do 8/03/2012.
10/04/2012	Anulación do recibo da taxa pola recollida da vivenda situada no lugar de Vilar, 28, Cereixo a D ^a . Oliva Caamaño Castro.
10/04/2012	Concesión de 3 autorizacións do uso do ximnasio municipal (Total: 135,00€).
10/04/2012	Aprobación da calificación urbanística, informe emitido polo arquitecto municipal e liquidación tributaria a Electra del Jallas, S.A. (Total: 20,00€).
10/04/2012	Outorgamento de licenza de obra paa levar a cabo a legalización dunhas obras realizadas na vivenda situada no lugar e parroquia de Tines, 69 a D. Manuel Mato Rial (Total: 110,00€).
11/04/2012	Denuncia urbanística por realización de obras na vivenda sita no lugar e parroquia de Tines
11/04/2012	Axudicación do contrato menor de póliza de seguro para varias dependencia municipais a Aon Gil y Carvajal, S.A, polo período dun ano e cunha prima anual de 2.677,83 euros, IVE incluído.
11/04/2012	Designación de secretario accidental a D. José Domingo Rodríguez Ferreira, dende as 12: 00 h. do día 11/04/2012 até a cobertura da praza e posto de secretaría deste Concello.
11/04/2012	Resolución da Alcaldía de data 11/01/2012 de aceptación da execución en rexime de cooperación e compromiso das obras de infraestruturas rurais (PROXECTOS ESTRATÉXICOS DE INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL (PEIM-Rural).
12/04/2012	Baixa no padrón municipal de habitantes de AM
12/04/2012	Cambio de enderezo dentro do municipio de LBP
12/04/2012	Outorgamento de autorización de enganche de auga na vivenda, situada no lugar e parroquia de Tines, 54 a D. Maximino Fidel Suárez Espasandín (Total: 300,00€).
12/04/2012	Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa do lixo da vivenda , situada no lugar da A Costa, 4, parroquia de Salto a D ^a . María Rosalía Pose López.
12/04/2012	Autorización do uso do pavillón polideportivo de Vimianzo, os luns e mércores, dende as 18:00 ás 20:00 h., para práctica/xogo do tenis a D. Manuel Soto Santos.
12/04/2012	Autorización á Deputación provincial da Coruña o uso da sala de conferencias da Casa da Cultura para realizar unha xornada de traballo, o día 16/04/2012 dende as 16:30 ás 18:30.
12/04/2012	Aprobación da liquidación por utilización de instalacións culturais a Acega Formación Continua, S.L.(Total: 105,00€).
13/04/2012	Baixa no padrón municipal de habitantes a APDS
13/04/2012	Cambio de enderezo dentro do municipio de RCC
13/04/2012	Alta no padrón municipal de habitantes de KMPV
13/04/2012	Cambio de enderezo dentro do municipio de EPS e IVM
13/04/2012	Aprobación de gastos do teléfono móbil 606651440 correspondente a 01/03/2012 a 31/03/2012
13/04/2012	Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa do lixo do local, situado na rúa Bañías A, 84, Bañías a nome de José Manuel Hermida Fernandez.
13/04/2012	Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa do lixo da vivenda, situada no lugar de Braño, 108, Carantoña a nome de José Marcial Castro Pose.
13/04/2012	Rectificación do erro existente na Resolución da Alcaldía de data 19/10/2011 sobre a autorización do enganche de auga.
16/04/2012	Aprobación da confección da nómina de RJBB dende 01 ao 11/04/2012
16/04/2012	1. Modificación en inscricións de habitantes referentes a incidencia 140
16/04/2012	2. Baixas de habitantes no Padrón Municipal por cambio de residencia.
16/04/2012	3. Modificacións en inscricións de habitantes referentes a incidencia 135.
17/04/2012	4. Arquivo do expediente 2011/029/000020 de licenza de actividade.
17/04/2012	5. Alta no Padrón de habitantes.
17/04/2012	6. Solicitud de autorización de uso de locais municipais.
18/04/2012	7. Alata no Padrón de habitantes.
18/04/2012	8. Alata no Padrón de habitantes.
18/04/2012	9. Alata no Padrón de habitantes.
18/04/2012	10. Alata no Padrón de habitantes.



Concello de Vimianzo

C
O
P
I
A
P
Ú
B
L
I
C
A

18/04/2012	11. Xeración de créditos num. XC/02/2012.
18/04/2012	12. A probación do padrón do servizo municipal de auga e sumidoiros correspondente ao 1º trimestre do ano 2012.
18/04/2012	13. Cambio de titulariedade dos recibos da taxa do lixo.
19/04/2012	14. Pago retencións e ingresos a conta do IRPF IT-2012.
19/04/2012	15. Servizo municipal de escola infantil.
19/04/2012	16. Cambio de domicilio.
19/04/2012	17. Cambio de domicilio.
19/04/2012	18. Cambio de titulariedade dos recibos da taxa do lixo.
19/04/2012	19. Cambio de domicilio.
19/04/2012	20. Aprobación de gastos correspondente ás facturas de Telefónica de España, SAU...
20/04/2012	21. Servizo municipal de escola municipal. Modificación de praza.
20/04/2012	22. Nova alta no servizo de axuda no fogar (SAF).
20/04/2012	23. Inicio de procedementos sancionadores de tráfico.
20/04/2012	24. Inicio de procedementos sancionadores de tráfico.
20/04/2012	25. Cambio de domicilio.
23/04/2012	26. Alta no Padrón de habitantes.
23/04/2012	27. Alta no Padrón de habitantes.
23/04/2012	28. Solicitud de informe da Policía Local.
23/04/2012	29. Expte. Licenza de obra 2012/006/000005 promovido por D. José Manuel Vázquez Ordóñez.
23/04/2012	30. Pago dotación grupos políticos mes Febreiro/2012.
23/04/2012	31. Pago dotación grupos políticos mes Marzo/2012.
23/04/2012	32. Alta no Padrón de habitantes.
23/04/2012	33. Expte. Licenza de obra 2012/006/000022 promovido por D. José Lemus Lema.
23/04/2012	34. Expte. Licenza de obra 2012/006/000023 promovido por D. María Pérez Leis.
23/04/2012	35. Incoación de expediente de baixa de oficio.
23/04/2012	36. Inicio de procedemento sancionador de tráfico.
23/04/2012	37. Resolución de expediente sancionador de tráfico.
24/04/2012	38. Expte. Licenza de obra 2012/006/000024 promovido por D. Modesto Arias Rial.
24/03/2012	39. Expte. Licenza de obra 2012/006/000025 promovido por Comunidade de Propietarios do Edificio "Braña da Grixa".
24/03/2012	40. Expte. Licenza de obra 2012/006/000027 promovido por D. José Luis Mouzo Allo.
24/03/2012	41. Expte. Licenza de obra 2012/006/000028 promovido por D. Marcos Fuentes Romero.
24/03/2012	42. Aprobación do padrón fiscal da taxa por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e soares e das resevas de vía pública para aparcamento, carga, descarga e outras actividades.
24/03/2012	43. Expte. Licenza de obra 2012/006/000029 promovido por D.ª Beatriz Fuentes Castiñeira.
24/03/2012	44. Calificación urbanística promovida por D.ª María Consuelo Valiña Martínez.
24/03/2012	45. Prórroga da licenza de obra outorgada a D. Jesús Mouzo Dieguez.
24/04/2012	46. Baixa por duplicidade no propio concello.
24/05/2012	47. Modificación de datos persoais.
25/05/2012	48. Alta no Padrón de habitantes.
25/04/2012	49. Alta no padrón de habitantes.
25/04/2012	50. Alta no Padrón de habitantes
25/04/2012	51. Cambio de domicilio.
25/04/2012	52. Cambio de domicilio.
25/04/2012	53. Cambio de domicilio.
25/04/2012	54. Aprobación de pago de factura num. 38/06C-8572 de MERCA SH SAR SLU de A Coruña.
26/04/2012	55. Solicitud de colaboración en relación á celebración das festas en honra de Frei Diego de Cádiz.
26/04/2012	56. Cambio de titulariedade dos recibos da taxa do lixo.
26/04/2012	57. Cambio de titulariedade dos recibos da taxa de auga.
26/04/2012	58. Clificación urbanística promovida por D. José Canosa Méndez.
26/04/2012	59. Contratación menor póliza de seguro de accidentes para o voluntariado d XI Xantar DOS NOSOS MAIORES.
26/04/2012	60. Cambio de domicilio.
27/04/2012	61. Admisión no servizo de Escola Infantil municipal no curso 2011/2012.

27/04/2012	62. Nomina salarios mens de abril 2012.
27/04/2012	63. Informe sobre existencia de fábrica de estacións meteorolóxicas no municipio de Vimianzo.
27/04/2012	64. Cambio de domicilio.
28/04/2012	65. Recibo liquidación de xuros e amortización do prestamo num. 9544462560 suscrito coa entidade BBVA.
28/04/2012	66. Nomeamento secretario accidental.
28/04/2012	67. Silencio administrativo producido nos expedientes de segregación/agrupación de obra maior, solicitado por D. Daniel Turnes Rey.
30/04/2012	68. Nomina salarios da interventora Dª Eva María Casal Sanjurjo mes de abril/2012.
30/04/2012	69. Alta no Padrón de habitantes.
30/04/2012	70. Aprobación da factura núm. 06E129910000234255 de BBVA RENTING SA correspondente ao arrendamento na modalidade de RENTING de equipamento de telefonía para varios edificios do Concello de Vimianzo.
30/04/2012	71. Cambio de domicilio.
30/04/2012	72. Resolución concesión autorización ximnasio.
30/04/2012	73. Resolución concesión autorización ximnasio.
	Data: MAIO
02/05/2012	74. Expte. Licenza de obra 2012/006/000030 promovido por D. Manuel Romero Ferrin.
02/05/2012	75. Solicitud subvención socorriño Deputación, anualidade 2012.
02/05/2012	76. Expte. Licenza de obra 2012/006/000031 promovido por D. Luis García Cancio.
02/05/2012	77. Alta no Padrón de habitantes.
02/05/2012	78. FACTURA NUM. 28-E282-256332 DE TELEFONIA MOVILES ESPAÑA SA CORRESPONDENTES AOS TELEFONOS MOVILES DO CONCELLO.
03/05/2012	79. Cambio de domicilio.
03/05/2012	80. Nomeamento de interventor accidental.
03/05/2012	81. Concesión permiso festas en Santa Irene día 5 de maio de 2012.
03/05/2012	82. Concesión permiso festas de Santa Cruz día 5 de maio de 2012.
03/05/2012	83. Aprobación de gasto por cotizacións de MUFACE e cotas de clases pasivas mes abril/2012 do alcalde D. Manuel Antelo Pazos.
03/05/2012	84. Aprobación da certificación nº 2 da obra Centro Socio Cultural en Bañías. POS 2011, e factura.
03/05/2012	85. Desistimento da petición de modificación da licenza de segregación da finca núm. 326 de concentración parcelaria de San Antolin de Bañías.
03/05/2012	86. Sustitución do vehículo adscrito á licenza de auto-taxi núm. 12.
04/05/2012	87. Calificación urbanística da finca 1349, polígono 501 promovida por D.ª María de la Barca Ozón Soneira,
04/05/2012	88. Enganche de auga para unha vivenda promovido por Construccións Moncho Andrade, S.L.
04/05/2012	89. Calificación urbanística da finca 781, polígono 501 promovida por D. Martín Moreira Graño.
04/05/2012	90. Expte. Licenza de obra 2012/006/000007 promovido por D. José Gesto Arias.
04/05/2012	91. Modificación de datos persoais.
04/05/2012	92. Baixa por duplicidade entre concellos.
04/05/2012	93. Calificación urbanística da finca núm. 281, polígono 506, promovida por D. José Ramos Leis.
07/05/2012	94. Alta no Padrón de habitantes.
07/05/2012	95. Recoñecemento de dereitos por ocupación de vía pública realizada por D. José Andrés Domínguez Vázquez.
07/05/2012	96. Alta no Padrón de habitantes.
07/05/2012	97. Pgos periódicos mes abril/2012.
07/05/2012	98. Recoñecemento de dereitos por ocupación de vía pública realizada por D. Santiago Suárez Pose.
07/05/2012	99. Recoñecemento de dereitos por ocupación de vía pública realizada por D. José Ramos Leis.
07/05/2012	100. Solicitud de anulación da liquidación da taxa correspondente o enganche de sumidoiro.
07/05/2012	101. Recoñecemnto de dereitos por ocupación de vía pública realizada por D. Manuel Suárez Gándara.
07/05/2012	102. Recoñecemento de dereitos por ocupación de vía pública realizada por D. José Ramos Leis.



Concello de Vimianzo

C
O
P
I
A

P
Ú
B
L
I
C
A

07/05/2012	103. Recoñecemento de dereitos por ocupación de vía pública realizada por D. Aurelio Miñones Esmoris.
07/05/2012	104. Solicitud de anulación das liquidacións das taxas correspondentes os enganches de auga e sumidoiro.
07/05/2012	105. Solicitud de anulación da liquidación da taxa correspondente o enganche de sumidoiro.
07/05/2012	106. Solicitud de autorización de uso de locais municipais.
08/05/2012	107. Admisión no servizo de Escola Infantil Municipal no curso 2011/2012 do neno Bruno Mouzo López.
08/05/2012	108. Servizo de Escola Infantil Municipal (Cambio de horario).
08/05/2012	109. Calificación urbanística da finca 281, polígono 507 promovida por D. Diego Rodríguez Quintáns.
08/05/2012	110. Calificación urbanística da finca 148, polígono 45 promovida por D. Manuel Valiña Pérez
08/05/2012	111. Baixas no Padrón de habitantes por defunción.
08/05/2012	112. Enganche de auga para unha vivenda promovido por Antoca, S.L..
08/05/2012	113. Servizo municipal de escola infantil: (inclusión na lista de espera)
08/05/2012	114. Modificación de datos persoais.
08/05/2012	115. Anulación da Resolución da Alcaldía de data 22/07/2010 e baixa da liquidación.
08/05/2012	116. Baixa no servizo municipal de lavandería sobre rodas.
08/05/2012	117. Aprobación do padrón dos usuarios do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) correspondente ao mes de Abril.
10/05/2012	118. Expte. licenza de obra 2012/006/000032 promovido por D. Ricardo Pérez Méndez.
10/05/2012	119. Expte. licenza de obra 2012/006/000033 promovido por D. José Rodríguez Lavandeira.
10/05/2012	120. Expte. licenza de obra 2012/006/000034 promovido por D. José Angel Antelo Lapidó.
10/05/2012	121. Expte. licenza de obra 2012/006/000036 promovido por D. José Manuel Pérez Méndez.
10/05/2012	122. Expte. licencia de obra 2012/006/000037 promovido por D.ª Trinidad Muíño Suárez e D. Manuel Muíño Suárez.
10/05/2012	123. Alta no Padrón de habitantes.
10/05/2012	124. Alta no Pdrón de habitantes.
10/05/2012	125. Autorización de uso de local municipal.
10/05/2012	126. Alta no Padrón de habitantes.
10/05/2012	127. Alta no Padrón de habitantes.
10/05/2012	128. Contratación menor das obras de Adecuación da planta soto do Concello para Xulgado de Paz.
10/05/2012	129. Requirimento para deixar libre un espazo público no lugar de Padreiro de Abaixo.
11/05/2012	130. Anticipo nómina da funcionaria Mª Teresa Castro Arturo.
11/05/2012	131. Nómina finiquito da Interventora Eva María Casal Sanjurjo.
11/05/2012	132. Alta no Padrón de habitantes.
11/05/2012	133. Aprobación de gasto da Tarxeta de Telepeaxe número 7120 de Autoestradas de Galicia, S.A., do período 01/04/12 ao 30/04/12 polo importe de 8,04 euros.
11/05/2012	134. Aprobación de gasto da Tarxeta de Telepeaxe número 7112 de Autoestradas de Galicia, S.A., do período 01/04/12 ao 30/04/12 polo importe de 8,04 euros.
11/05/2012	135. Resolución de expediente sancionador de tráfico.
11/05/2012	136. Autorización de uso locais municipais.
11/05/2012	137. Procedemento de preselección de dous capataces e catro peóns para o GRUMIR.
14/05/2012	138. Solicitud de renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.
14/05/2012	139. Baixas de cambio de residencia e defuncións do ficheiro H15092IA.512.
14/05/2012	140. Contratación menor para a subministración dun tractor e dun remolque usados.
14/05/2012	141. Modificacións de inscricións do Padrón de habitantes referentes os estudos do ficheiro de incidencias H15092IA.512.
14/05/2012	142. Informe da existencia de fabrica de equipos de frío industrial no municipio de Vimianzo.
14/05/2012	143. Modificacións de inscricións do Padrón de habitantes referentes os DNI do ficheiro de incidencias H15092IA.512.
14/05/2012	144. Modificacións de inscricións do Padrón de habitantes referentes a data de nacemento do ficheiro de incidencias H15092IA.512.
14/05/2012	145. Calificación urbanística da finca 744, polígono 14, situada no lugar e parroquia de Calo promovida por D. Eliseo Rial Domínguez.
14/05/2012	146. Arquivo do expediente 2011/006/000112 promovido por D.ª Elvira Pailos Alvarellos.
14/05/2012	147. Alta no Padrón de habitantes.
14/05/2012	148. Concesión permiso festas de Monte Toran días 15 e 15 de maio 2012.

15/05/2012	149. Aprobación da FRA. RGE00002794569 teléfono movil núm. 606651440 por importe de 112,70 € do período 01/04/12 ao 30/04/12.
15/05/2012	150. Aprobación de gastos.
15/05/2012	151. Corrección de erros da Resolución da Alcaldía de data 14/03/2012.
15/05/2012	152. Anulación de liquidacións de taxas do lixo que figuran a nome de D. Celestino Valiña Insua.
15/05/2012	153. Contrato menor de alugueiro dun brazo de rozar para otractor municipal.
16/05/2012	154. Anulación da liquidación do ICIO correspondente ó expediente de licenza de obra 2011/006/000036 promovida por D. José Lavandeira Touriñán.
16/05/2012	155. Revisión da liquidación correspondente ó expediente 2011/32/000005 de licenza de vado promovido por D.ª Carmen Pérez Castiñeira.
16/05/2012	156. Contrato menor de servizos para a realización do Programa de exercicio físico e psicosocial para persoas con enfermidades crónicas.
16/05/2012	157. Solicitud de axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais.
16/05/2012	158. Alta no Padrón de habitantes.
16/05/2012	159. Concesión permiso festas de Trasouteiro días 18 e 19 de maio 2012.
16/05/2012	160. Contratación menor da póliza dun seguro de flota para un tractor e remolque municipais.
18/05/2012	161. Servizos prestados por operarios municipais.
18/05/2012	162. Servizos prestados por operarios municipais.
21/05/2012	163. Alta no Padrón de habitantes.
21/05/2012	164. Cambio de domicilio.
21/05/2012	165. Servizos prestados por operarios municipais.
21/05/2012	166. Servizos prestados por operarios municipais.
21/05/2012	167. Aprobación de gastos correspondente ás facturas de Telefónica de España, SAU..
21/05/2012	168. Servizos prestados por operarios municipais.
21/05/2012	169. Servizos prestados por operarios municipais.
21/05/2012	170. Servizos prestados por operarios municipais.
21/05/2012	171. Autorización de uso de locais municipais.
21/05/2012	172. Autorización de uso de locais municipais.
23/05/2012	173. Alta no Padrón de habitantes.
23/05/2012	174. Servizos prestados por operarios municipais.
23/05/2012	175. Solicitud de informe para tramitación de clasificación dunha empresa.
23/05/2012	176. Contrato menor de instalación de acometidas á rede de saneamento municipal en Tras do Cean, parroquia de Carantoña
23/05/2012	177. Aprobación da listaxe provisional de admitidos e excluídos no procedemento de preselección de dous capataces e catro peóns para o GRUMIR.

L Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria.

- I De orde do Sr. Alcalde, a Sra. Secretaria da conta das seguintes resolucións:
- Resolución do 21/03/2012, de solicitude de axudas para Plans de Xestión: Proxectos non productivos convocados pola Consellería do Mar, a través do Grupo de Acción Costeira da Costa da Morte.
 - Resolución do 26/03/2012, de consignación da cantidade de 739.784,80 euros en concepto de pagamento de principal da sentenza recaída no procedemento PO 254/08 (concepto 1624 0000 93 0001 11).
 - Resolución 09/04/2012, de solicitude de axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais, ano 2012.
 - Resolución do 11/04/2012, de aceptación da execución en réxime de cooperación e compromiso das obras de infraestruturas rurais (PEIM-Rural).
 - Resolución núm. 75, do 02/05/2012, de solicitude subvencións socorrismo Deputación, anualidade 2012.
 - Resolución núm. 84, do 03/05/2012, de aprobación da certificación nº 2 da obra centro sociocultural en Baíñas, POS 2011, e factura.



Concello de Vimianzo

C
O
- Resolución núm. 157, do 16/05/2012, de solicitude de axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais.

P 11. Asuntos de urxencia.

P
De orde do Sr. Alcalde, a Sra. Secretaria da conta da proposta da Alcaldía, de data 25 de maio de 2012, que se transcribe literalmente:

I "PROPOSTA DE ACORDO

I
Visto o informe de Intervención, de 25 de maio de 2012, relativo á xustificación das dotacións económicas abonadas as grupos políticos municipais.

A
Visto que non foi posible ditaminar este asunto pola Comisión Informativa competente, dado que o expediente non estivo concluído ata o 25 de maio de 2012, data do informe emitido pola Intervención.

P
Considerando que o artigo 82.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais permite que o alcalde, por razóns de urxencia debidamente motivada, poda incluír na orde do día da sesión plenaria asuntos que non foran previamente ditaminados pola respectiva Comisión Informativa, previa ratificación polo pleno por maioría absoluta, de conformidade co disposto nos artigos 83 do ROF e 47.3 da LRBRL.

P
En virtude das facultades que me confire a lexislación vixente en materia de réxime local, propono ao Pleno, previa inclusión do punto na orde do día do pleno ordinario do 26 de maio de 2012, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Ú
Primeiro.- Aprobar a xustificación das asignacións económicas ós grupos políticos municipais correspondentes ó exercicio 2011, dende o 11 de xuño ata 31 de decembro.

B
Segundo.- Declarar cumprida a finalidade das asignacións económicas, ao abeiro do disposto na Base 34ª bis das Bases de Execución do Orzamento para exercicio 2010 prorrogado para o exercicio 2011."

L
O Sr. Alcalde sinala que se se trae sen ditaminar e tan fóra de prazo non é responsabilidade do alcalde nin do grupo que o sustenta. Explica o procedemento aplicable para a xustificación das asignacións aos grupos políticos. Destaca o talante do grupo de goberno, posto que se quixerán poderían ter rexeitado a xustificación dalgún grupo.

I
C
Sometida a votación a urxencia, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, ratifica a inclusión deste asunto na orde do día da presente sesión, en cumprimento do disposto no artigo 82.3 do Real Decreto 1568/1986, do 28 de novembro.

A continuación, o Sr. Alcalde somete a votación o asunto.

A
Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar a xustificación das asignacións económicas ós grupos políticos municipais correspondentes ó exercicio 2011, dende o 11 de xuño ata 31 de decembro.

C
O Segundo.- Declarar cumprida a finalidade das asignacións económicas, ao abeiro do disposto na Base 34ª bis das Bases de Execución do Orzamento para exercicio 2010 prorrogado para o exercicio 2011.

12. Mocións.

P O Sr. Alcalde pregunta aos grupos municipais se teñen algunha moción. Antes quere sinalar que todos os puntos da orde do día da sesión de hoxe se sacaron adiante por unanimidade.

O Sr. Miñones Riveiro responde que o seu grupo non ten ningunha moción.

I O voceiro de IxV sinala que o seu grupo ten unha moción presentada na data de hoxe, relativa á "creación dunha comisión especial de investigación e seguimento da obra de saneamento da Piroga".

Transcríbese literalmente a parte dispositiva:

A "(...) 1º Creación dunha comisión especial de investigación e seguimento da obra saneamento da Piroga. Que terá como finalidade esclarecer a situación na que se atopa a obra e emitir unhas conclusións para dar coñecemento ao pleno e este determine a súa actuación.

2º Seguimento da obra, coa finalidade de que os grupos presentes na corporación teñan exacto coñecemento do seu estado avance e problemática que surda.

P 3º A comisión estará formada por catro membros designan un membro de cada grupo sendo presidente nato o Alcalde ou persoa en quen delegue, rexíndose nas súas votacións polo voto ponderado. Asístiran a comisión nas súas atribucións o técnico director da obra así como a secretaria da mesma.

Ú 4º A periodicidade das súas sesións, será determinada pola propia comisión, debendo ser convocada polo presidente dentro dos 5 días seguintes á súa creación.


B 5º As asistencias a está comisión non serán retribuíbles para os representantes políticos."

L Explica a urxencia da moción: os grupos non tiveron acceso ao proxecto modificado, o modificado non constaba a día de onte presentado na Deputación, segundo informacións que lle deron, e non conta con permiso de Augas de Galicia. Di que xa non poden seguir confiando na palabra do alcalde. Piden responsabilidades a todos os grupos para que a obra se faga canto antes. Destaca a incertidume respecto desta obra. Queren saber que sucedeu para que se pararan as obras, se é certo que o día que se parou a obra se estaba preparando unha certificación. Considera que é unha xustificación suficiente e pide que se vote a urxencia.

I O Sr. Alcalde considera que o Sr. Soto Pérez non defendeu a urxencia, tal e como esixe o regulamento de aplicación, pero vaina someter a votación igual. Afirmo que, de plantexarse este asunto no seu momento, sería incluído na orde do día da sesión de hoxe, pero presentouse media hora antes deste pleno, non sabe se para evitar que o grupo de goberno puidera dar explicacións ao respecto.

C Considera o Sr. Alcalde que o voceiro dos independentes fixo unha serie de afirmacións inexactas na súa intervención, e vainas explicar unha por unha. En primeiro lugar, o Sr. Alcalde afirma que IxV non pode dicir que se oculta información e que non lle deixou ver o modificado, simplemente non viñeron velo. Sinala que teñen o expediente a súa disposición se queren consultalo.

A O voceiro de IxV interrompe para dicir que el non parou as obras, parounas o alcalde. En segundo lugar, o Sr. Alcalde pregúntase como pode afirmar o Sr. Soto Pérez cousas tales como que se está a preparar unha certificación de obra, por exemplo. Sinala que non se pode lanzar rumores. Non se pode dicir que ao parar as obras se interrompiu o alcantarillado existente. Lembra que no punto anterior o Sr. Alcalde non quixo polemizar co conselleiro, porque quere que



Concello de Vimianzo

C a autovía se faga. O Sr. Alcalde manifesta que lle gustaría que o Sr. Soto Pérez quixera que esa obra se fixera, igual que quere o Sr. Alcalde. Recoñece que o concello está a espera dos permisos. Lembra que o proxecto de saneamento na Piroga non é do actual grupo de goberno, senón do anterior, pero teñen que xestionar ese problema herdado. Sinala que o arquitecto municipal e máis o alcalde estiveron co representante de Augas de Galicia na Coruña intentando axilizar o tema. Agradece o trato de Augas de Galicia e non quere polemizar. Afirmo que non se fixo nada ilegal, senón, dacordo cos responsables da Deputación, iniciáronse as obras naquelas partidas que non afectan ao modificado. Manifesta que non hai ningunha desviación económica: o modificado é a cero. Di que tanto IxV como o PSOE saben que no proxecto hai cuestións complexas, pero queren sacalas para adiante. Considera que na oposición hai que intentar que as cousas vaian para adiante. Lembra que estando o BNG na oposición aprobaron un modificado con moitas dificultades, e sen embargo non quixeron buscar problemas. Pide ao Sr. Arquitecto municipal que explique o sucedido.

A A petición do Sr. Alcalde, intervén o arquitecto municipal, director das obras de saneamento da Piroga. Explica que cando se fixo o proxecto a idea era conectar o saneamento da Piroga coa rede de saneamento de Zas, que lles indicou o punto de conexión: un pozo da rede de saneamento que está máis próximo á ponte de Baio. O acordo co Alcalde de Zas era verbal, pero a Deputación solicitou un acordo por escrito. Nese documento o Concello de Zas autorizaba as obras, pero advertiu que no momento de realizar a obra habería que facer un pequeno estudo da ubicación e da bondade da resolución. Neses termos aprobou o proxecto a Deputación. Cando se iniciou a obra o arquitecto de Zas informou que era imposible conectar nese punto, porque a súa propia rede xa tiña problemas de evacuación á EDAR por falta de caída suficiente, e se se engadía o caudal de Vimianzo íase producir un colapso. Baralláronse varias posibilidades en reunións con representantes de Augas de Galicia, posto que sempre hai que contar con Augas neses casos. Eles comentaron que a mellor solución era trasladar o punto de verquido á EDAR a metade do traxecto. Pregunta se os concelleiros o seguen, porque isto é un culebrón. Di que el ía cunha alternativa distinta, pero en Augas dixeron que non, que o mellor era facer unha pasarela. E así se redactou o proxecto modificado que aprobou o concello de Vimianzo. Faláron coa directora de Plans da Deputación, que ten que autorizar o modificado, para saber canto ían tardar en aprobalo, posto que a obra hai que rematala antes de outubro ou setembro. Sinala que Augas adoita tardar moito en responder, e na Deputación dixeron que sen autorización expresa de Augas non ían aprobar o modificado, e que non lles valería o estudo de viabilidade que fai Augas de Galicia. Dixéronlles que foran executando as unidades de obra que non se vían afectadas polo modificado, para ir solapando tempo. O arquitecto considera que o modificado pode executarse porque está aprobado pola mesa de contratación, como di a lei de contratos do Estado, e por tanto non é ningunha ilegalidade. Augas de Galicia avanzou que ían tardar uns cinco ou seis meses, e por tanto ante esa tesitura o mellor para todo o mundo, incluída a empresa contratista, e como director de obra tomou a decisión de paralizar as obras.

O Sr. Alcalde reitera a celeridade do responsable de Augas de Galicia da Coruña, que xa sacou a información pública o proxecto. Di que tanto a empresa como o director de obra gozan do seu respaldo, posto que facer outra cousa sería ser un irresponsable. Pide a IxV que retire a moción porque non ten ningún sentido crear unha polémica onde non a hai. Comprométese a tratar o asunto cos portavoces, co arquitecto municipal e os departamentos responsables, a secretaria municipal, para ver o expediente e resolver todas as dúbidas. Di que están no seu dereito de seguir cunha comisión de investigación, pero pide apoio para que as obras sigan para adiante e que as decisións que se tomen axuden máis que estorben.

O voceiro de IxV interrompe para dicir que os feitos son tozudos...

O Sr. Alcalde dille que non ten a palabra.

O Sr. Soto Pérez pregunta se quere que faga un espectáculo, coma cando estaba o Sr. Antelo na oposición.

O Sr. Alcalde dille que faga o que queira, pero que é o alcalde quen está moderando o pleno e non ten a palabra.

C O Sr. Soto Pérez di que unha cousa é ordenalo e outra impedir a liberdade de expresión.

O O Sr. Alcalde di que é el quen ordena as intervencións dos grupos, e pídelles que este tranquilo e non veña con bronca. Dalle a palabra ao voceiro socialista.

O O Sr. Miñones Riveiro dille, entre risas, que o pleno ía demasiado ben. Di que oxalá se herdasen máis obras desas. Afirmo estar convencido de que a Alcaldía non ten nada que ocultar respecto deste obra, por iso van apoiar a moción de IxV. Di que non queren polémicas.

P O Sr. Soto Pérez comeza a súa intervención antes de que lle den a palabra.

O O Sr. Alcalde prégalle que agarde a que lle dea a palabra, porque existen unhas formas e un ten que saber estar nos sitios.

I O Sr. Soto Pérez dalle as grazas, posto que a palabra é un ben escaso. Di que os feitos son tozudos, e o alcalde está para solucionar os problemas. Sinala que a obra foi adxudicada no mes de xullo de 2011, e xa van meses, e o modificado non se aprobou ata o mes de febreiro do 2012.

A Se había problemas, hai que poñerse antes co tema e darlle solución. No último pleno dixo o alcalde que se ía facer despois de semana santa, e arrancou e ao mesmo tempo para. Temen perder a subvención. Consideran que houbo desidia por parte do goberno municipal. Como promotores da moción, van votar a favor.

O O Sr. López Vázquez quere a maior transparencia neste asunto, por iso van votar a favor da urxencia.

O O Sr. Mancebo Amigo, voceiro nacionalista, repite, como sinalou o alcalde, que non hai nada que ocultar. Lembra que o ano pasado a estas alturas dúas empresas vinculadas ao voceiro de IxV levaban facturado ao concello uns 300.000 euros, pero este ano as cousas cambiaron. Di que hai unha familia que intentou levar un réxime autoritario, e agora contrataron a unha persoa para facer ruído e inventar casos. Di que puideron facer como eles coa Casa da Cultura. Pregunta ao Sr. Soto como pode ser que seu cuñado levara 150.000 euros en obras sen nengún tipo de procedemento, no mesmo mes que Soto se incorporou a esta lista, tema que está en Corcubión.

P Sinala que o Sr. Soto en lugar de pedir información obtivoa de forma fraudulenta.

Ú O Sr. Soto Pérez di que xa se verá..

B Continúa o Sr. Mancebo dicindo que está seguro de que o goberno está facendo as cousas ben, e se houbera eleccións agora mesmo o Sr. Soto non sería concelleiro. Non sabe como acabará toda esta historia, igual acaban outras persoas en Corcubión por este tema., igual algunha empresa ten que pechar as portas. Os veciños da Piroga teñen que saber quen está provocando esta situación.

L O Sr. Mancebo di que o PSOE ten que preocuparse do que fan os seus concelleiros. Acusa ao Sr. Rodríguez Blanco, concelleiro de obras no anterior goberno municipal, de non pagar impostos ao concello pola súa vivenda. Pero xa que a oposición se empeña, vaise investigar todo. Pregunta como se xustifica que un concelleiro non pague impostos quince anos... Remata dicindo que se vai investigar todo.

I O Sr. Alcalde, no segundo turno de intervencións, dalle a palabra ao PSOE.

O O Sr. Rodríguez Blanco deféndese das acusacións anteriores sinalando que, se todos foran coma el, cos anos que estivo de concelleiro de obras o Sr. Mancebo tiña que estar en Teixeiro.

Unhas persoas do público aplauden as palabras do Sr. Rodríguez Blanco.

O O Sr. Alcalde orde a expulsión desas persoas, e do empresario da Casa da Cultura.

O O Sr. Rodríguez Blanco di que en Vimianzo cada un vai facendo o que pode, e acusa ao Sr. Mancebo de subir o IBI. Di que a súa casa tena rexistrada dende hai catro anos...


O O Sr. Mancebo refírese ao IBI.

A O Sr. Rodríguez Blanco di que se todos foran coma Mancebo, cada un que faga unha casaña, un galponciño, dáselle leña.

O O Sr. Alcalde di que xa se lle dou a oportunidade de replicar.

O O Sr. Rodríguez Blanco di que esa obra loitárona eles. Di que ese modificado tiña que levarse a pleno, ninguén discute que igual é necesario ó modificado, pero as cousas non se fan así. Di que só lles queda facer unha comisión de investigación para saber o que hai.

O O Sr. Alcalde dalle a palabra ao voceiro de IxV.



Concello de Vimianzo

C

O Sr. Soto Pérez di que non se respostou as preguntas da oposición. Teme que o alcalde perda a subvención.

O

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao voceiro do PP.

O voceiro do PP pide tranquilidade, que non se leve o tema ao terreo persoal.

P

O Sr. Alcalde di que o goberno toma as decisións previo asesoramento. Dille ao Sr. Soto Pérez que non se preocupe: non se vai perder a subvención. Cre que se están dando os pasos axeitados, e que se quixeran informarse dende febreiro poderían vir a velo. Considera que a oposición está falando de oído. Pide lexitimidade para o alcalde e o director de obra. Ofreceu unha reunión cos voceiros, e máis transparencia da que se dou sería poñerse "en pelotas", e eso non está disposto a facelo. Ata o arquitecto dou detalles das reunións na Deputación. Está dacordo co voceiro do PP en quitarlle ferro a este tema, por iso lle gustaría que non apoiase a moción. Cita os casos creados pola oposición: "caso Piroga", "caso secretario", etc. Dille ao Sr. Soto que teña coidado cos correos electrónicos, e le textualmente un correo supostamente enviado polo concelleiro de IxV a un licitados.

A

Non se producen máis intervencións.

Sometida a votación a urxencia, apróbase con sete votos a favor de IxV, PSOE e PP, catro votos en contra do BNG e ningunha abstención.

Sometida a votación a moción, o Pleno do Concello, con sete votos a favor de IxV, PSOE e PP, catro votos en contra do BNG e ningunha abstención, ACORDA:

P

Primeiro.- Creación dunha comisión especial de investigación e seguimento da obra saneamento da Piroga. Que terá como finalidade esclarecer a situación na que se atopa a obra e emitir unhas conclusións para dar coñecemento ao pleno e este determine a súa actuación.

Ú

Segundo.- Seguimento da obra, coa finalidade de que os grupos presentes na corporación teñan exacto coñecemento do seu estado avance e problemática que surda.

B

Terceiro.- A comisión estará formada por catro membros que designan un membro de cada grupo sendo presidente nato o Alcalde ou persoa en quen delegue, rexíndose nas súas votacións polo voto ponderado. Asístiran a comisión nas súas atribucións o técnico director da obra así como a secretaria da mesma.

L

Cuarto.- A periodicidade das súas sesións, será determinada pola propia comisión, debendo ser convocada polo presidente dentro dos 5 días seguintes á súa creación.

I

Quinto.- As asistencia a está comisión non serán retribuíbles para os representantes políticos.

13. Rogos e preguntas.

C

O Sr. Alcalde pregunta aos voceiros se teñen rogos ou preguntas.

O Sr. Soto Pérez sinala que ten varios rogos:

1º. O Fisober necesita uns pequenos arranxos no pabillón para competir na categoría tan alta.

Pide que se reúna con eles.

2º. Prega que se repaña unha área recreativa en Lavandeira.

3º. Prega que nas axudas do Fondo de Compensación Ambiental se eliminen os puntos de verquidos, e se faga un saneamento nun cachiño en Tras do Ceán, parroquia de Carantofía.

O Sr. López Pérez di que estivo reunido no consello escolar da escola infantil e pide que se regule o aparcamento.

O Sr. Alcalde contesta os rogos, por orde:

1º. Atenderase ao Fisober no momento en que se poñan en contacto co concello.

C

2º. Di que xa se reuniron cos veciños e vaise arranxar a área recreativa.

O

3º. Di que no Fondo de Compensación Ambiental vaise incluír proxectos de saneamento.

4º. Sinala que xa están traballando en arranxar os problemas de aparcamento da escola infantil.

P



E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e trinta minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o vinte e seis de maio de dous mil doce.

I

O ALCALDE

A SECRETARIA

A



P

Ú

B

L

I

C

A